

Iº PREMIO CONCELLO DE SILLEDA Á NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NAS EMPRESAS E COMERCIOS

OBXECTIVOS:

Estimular nos comerciantes e empresas do municipio o uso do galego na actividade comercial comprendendo, tanto a empresas cunha tradición recoñecida na súa normalización como a aquelas que se incorporan recentemente ás prácticas normalizadoras.

Facer un recoñecemento público destas actitudes.

PARTICIPANTES E INSCRICIÓNS

Poderán concorrer todos os comerciantes e empresarios do concello de Silleda.

Calquera empresa ou particular pode presentar unha ou varias candidaturas perante a Concellería de Normalización Lingüística, xa por escrito, xa enviando un correo electrónico, a info@silleda.es, indicando o asunto e especificando o nome do establecemento, nome da persoa responsable e teléfono de contacto.

Unha Comisión de Admisión nomeada ao efecto, poderá tamén propoñer establecementos e será quen determine quen entrará a formar parte do grupo de seleccionados para o concurso final.

O prazo de presentación de candidaturas rematará o **17 de maio**

ÁMBITO:

O ámbito será municipal. Calquera establecemento comercial, que cumpra as condicións requiridas poderá ser considerado concursante.

PREMIOS:

PREMIO CONCELLO DE SILLEDA: Diploma (outorgado polo **Concello de Silleda**) + convite para visitaren o Museo do Pobo Galego, a Casa-Museo Rosalía de Castro dúas persoas e a exposición Auga Doce (visita guiada para 8 persoas) + lote de produtos de lecer en galego (libros, música e audiovisual) outorgado pola **Secretaría Xeral de Política Lingüística**.

DESENVOLVEMENTO

- 1.- Para determinar quen participa, a Comisión de Admisión organizadora anotará aqueles establecementos ou empresas que se inscriban dentro do prazo marcado e que remata o **17 de maio**. Así mesmo, poderán participar aqueles outros que fosen propostos pola mesma Comisión que merezan ao seu criterio a participación..

- 2.- O premio será outorgado a aquel concursante que mereza o máximo recoñecemento segundo os seguintes criterios de valoración: Uso de galego no trato, na cartelería, na facturación, relación cos medios e publicidade.
- 3.- Tendo en conta as diferencias existentes entre os distintos establecementos, valoraranse os medios e recursos cos que se contan así como o esforzo feito no proceso de normalización do galego.
- 4.- As deliberacións do xurado serán segredas e as súas decisións inapelables.

ENTREGA DOS PREMIOS

Os premios serán entregados no mes de maio, na data que máis conveña a criterio da Comisión Organizadora.

COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado conformaranos varias persoas, tres como mínimo, con cualificación suficiente e sen vínculo directo cos participantes. Nesta edición participará o alumnado IES Pintor Colmeiro que estea matriculado en especialidades relacionadas co obxecto deste Premio.

Estará presidido pola concelleira de Normalización Lingüística do Concello de Silleda.

O xurado ditaminará a candidatura gañadora e a súa decisión será inapelable.

CONDICIÓN XERAIS

- 1.- Só entrarán en concurso os establecementos insritos e/ou propostos pola Comisión de Admisión que cumpran os requisitos e fosen aceptados.
- 2.- Valoraranse aqueles datos, detalles, accións, etc que contribúan á normalización lingüística, que existan no momento de celebrarse o concurso ou que estean en proceso de desenvolvemento, e non se atenderán proxectos de futuro. Tamén se terá en conta o esforzo feito en épocas anteriores ás fixadas para o presente exercicio.
- 3.- Co ánimo de favorecer a maior participación posible, só se poderá conceder un premio por establecemento ou empresa., entedendo un só establecemento no caso de que tivese varias sucursais..
- 4.- A participación no Premio supón a total aceptación das presentes bases.

**Organiza: Concellería de Cultura , Turismo e Normalización Lingüística.
Concellería de Comercio.
Concello de Silleda.**

**Colabora: IES Pintor Colmeiro.
Asociación ECOS.
Concellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da
Xunta de Galicia.**